




Vilcabamba Ano 2011

Durante o ano 2011 Labañou Solidaria foi consolidando un proceso de cambio estratéxico en Vilcabamba, cedendo o protagonismo dos proxectos que viñamos realizando na conca do río Vilcabamba á propia poboación e iniciando un novo proxecto no val de San Miguel, tamén pertencente ao distrito de Vilcabamba pero moito máis afastado e illado.

Durante todo o ano noso técnico no Perú, enxeñeiro Sulpicio Flores estivo a traballar sobre o terreo e en outubro de 2011 dúas cooperantes de Labañou Solidaria desprazáronse a Vilcabamba para realizar o seguimento dos distintos proxectos.

Constatamos cambios no contexto que hai que destacar:



podese ver o mapa en

<http://www.labanousolidaria.org/es/mapa-de-vilcabamba-ca.html>

No Perú estase a producir nos últimos anos un importante crecemento económico (8% do PIB en 2011) que é palpable nas cidades como Lima e que o converte nun país dos chamados emerxentes. Non obstante as desigualdades no interior do país mantéñense e ese crecemento apenas déixase sentir en distritos como Vilcabamba.

A nivel local, Vilcabamba está a recibir uns ingresos procedentes do canon gasífero de Camisea (lugar da selva próximo a Vilcabamba, onde se extraen enormes cantidades de gas por multinacionais americanas) pero con manifesta incapacidade técnica e política para investir eses ingresos en proxectos de desenvolvemento que contribúan a mellorar a calidade de vida e non deterioren o medio.

No ano 2011 froito das eleccións municipais produciuse un cambio no goberno da municipalidade que obrigou a renovar as relacións institucionais que se viñan mantendo ata agora.

Durante os catro primeiros meses do 2011 as continuas chuvias producidas polo fenómeno do "Niño" mantiveron o distrito practicamente incomunicado por derrubas sucesivas na estrada de acceso, producindo varios mortos e orixinando un estado de emerxencia por desabastecemento da poboación. Labañou Solidaria cedeu a Casa de Labañou en Pucyura para a centralización dos programas de axuda á poboación por parte do goberno peruano.

Na conca do río Vilcabamba

Mantivéronse os proxectos de promoción do turismo vivencial, os microcréditos para pequenas iniciativas con perspectiva de xénero e a capacitación agropecuaria en hortos familiares ecolóxicos. Nos tres proxectos o papel de Labañou Solidaria limitouse cada vez máis ao asesoramento e seguimento, deixando o protagonismo á propia poboación e a municipalidade de Vilcabamba.



A Casa de Labañou Solidaria en Pucyura mantivo o seu papel como un importante recurso comunitario ao servizo das organizacións, das institucións e da poboación xeral.

No val de San Miguel

Encóntrase ao norte do distrito de Vilcabamba. No momento actual, unha estrada de terra de 170 km. en moi mal estado, con obras permanentes e seis horas en coche, une a capital provincial de Quillabamba con Yuveni, o centro poboado máis importante do val de San Miguel.

O val de San Miguel pertence ao que se coñece como cella de selva. A unha altitude que ascende entre os 800 e os 1.500 metros, a selva cobre vales e agrestes montañas. Cunha poboación de 3.500 persoas que viven case en exclusiva do cultivo do café e do cacao.

Nesta expedición establecéronse os contactos con axentes implicados no cultivo e comercialización do café: asociacións e central de produtores de San Miguel, outras

cooperativas de 1º e 2º grao, responsables e autoridades locais, así como técnicos en programas produtivos, responsables do selo de Comercio Xusto en Perú e autoridades rexionais. Reunímonos coas familias produtoras para explicarlles as posibilidades e esixencias sobre a certificación en Comercio Xusto, identificando potenciais líderes locais e elaborouse un primeiro diagnóstico sobre a situación actual e as posibles vías de colaboración de Labañou Solidaria.

Neste primeiro diagnóstico é de destacar:

1. O seu nivel de extrema pobreza, similar á conca do río Vilcabamba, está agravado pola distancia e o illamento.
2. A economía, baseada exclusivamente no cultivo de café e cacao fainos moi vulnerables e non está a contribuír a mellorar a súa calidade de vida, manténdoos na pobreza mentres os beneficios os obteñen os intermediarios e comercializadores.
3. Existen problemas en dous ámbitos: a calidade das súas propias organizacións e a moi mellorable calidade na produción do café e cacao. En ambos os dous casos poderíase prestar asistencia técnica en colaboración coas autoridades e outros organismos locais para a súa superación.
4. A alternativa do comercio xusto aparece como a mellor oportunidade para o seu desenvolvemento e mellora da calidade de vida, existen experiencias exitosas dentro do mesmo distrito con posibilidades reais de replicación



Labañou Solidaria na Coruña

No mes de maio participamos por primeira vez no Día do Comercio Xusto na rúa xunto con outras organizacións da cidade

Como todos os anos, no mes de xullo realizouse a sardiñada solidaria, coa colaboración da AA.VV. de Labañou, á que acudiron unhas 500 persoas. Durante esta realizouse unha degustación de produtos de Comercio Xusto, instalándose ademais un mercado solidario con roupa e outros obxectos produto de doazóns.

En novembro realizouse o Acto Público no salón de actos do Centro Cívico de Labañou no que se explicou o que se está a facer en Vilcabamba e renderonse contas dos gastos do Proxecto, finalizado cunha degustación de produtos de Comercio Xusto.

Elaboráronse materiais de sensibilización sobre o Comercio Xusto, o café en San Miguel e a chacra ecolóxica, tanto en rollers para a súa exhibición, como panfletos para a súa divulgación. Proxecto de fortalecemento integral de Labañou Solidaria.

Proxecto de fortalecemento integral de Labañou Solidaria

Durante o ano 2011 presentámonos á convocatoria de subvencións para o fortalecemento de ONGs da Xunta de Galicia e fomos unha das entidades escollidas para levar a cabo este proceso.

Por unha banda permitiunos mellorar a nosa capacidade de comunicación e sensibilización: dotámonos dunha nova web 2.0, fixemos un obradoiro de redes sociais, comezamos o envío de boletíns electrónicos e deseñamos novos materiais de difusión e sensibilización para as nosas actividades, todo iso como parte dun impulso de achegarnos máis a vós e ao resto da cidadanía. Esperamos que puidese apreciar as diferenzas e que vos axudase a manter o compromiso de

todos e todas con Vilcabamba. Aproveitamos para pedirvos que difundades os boletíns e calquera outra información das nosas actividades e proxectos entre a vosa familia e amizades, queremos que todos e todas sexamos partícipes do esforzo.

Por outra banda permitiunos mellorar a capacidade técnica da nosa organización xa que puidemos ter formación que nos axudou a “reciclar” e puidemos contar cunha profesional contratada en sede o que contribuíu a mellorar a calidade das nosas intervencións e liberou tempo para que acometésemos novas tarefas, como aumentar o noso contacto e traballo en rede con outras organizacións galegas.

Grazas ao esforzo deste ano contamos con novas ferramentas de planificación estratéxica e de autofinanciamento que esperamos contribúan a facer de Labañou Solidaria unha organización máis sostible e máis eficaz se cabe nas súas

intervencións. Presentámonos outra vez a esta convocatoria neste ano 2012 e esperamos poder ter éxito de novo e contribuír a afianzar os froitos do ano pasado e seguir traballando no noso plan de mellora.

Proxecto de investigación dende a Universidade da Coruña

No mes de xuño catro persoas da Universidade da Coruña viaxaron a Vilcabamba coa colaboración de Labañou Solidaria nun proxecto de investigación, financiado pola Universidade, para investigar acerca da viabilidade do tratamento biolóxico das augas residuais na localidade de Lucma e que inclúe un obxectivo educacional no colexio da localidade.

No momento actual, o mesmo grupo investigador está buscando financiamento para a execución do proxecto.



Informe Económico do Ano 2011

A cordilleira de Vilcabamba encontrase a uns 350 Km a o noroeste de Cusco.

O Distrito de Vilcabamba ten unha poboación de 17.832 habitantes no ano 2010, 52,54% de homes e 47,46% de mulleres, segun INEI (*Instituto Nacional de Estadística e Informática*) do Perú, nunha extensión de 23.000 km².

A capital da provincia e Quillabamba



Ingresos 2011

Cuotas Socios	6.734,00 €
Doazóns Particulares	2.783,50 €
Doazón La Caixa	200,70 €
Sardiñada Solidaria	737,66 €
Merchandising	428,12 €
Mercadillo 2 Mao	193,00 €
Subvención Concello de A Coruña Proxecto Chacra Ano 2010	1.960,00 €
Subvención Xunta de Galicia Proxecto Fortalecemento	12.495,00 €
Total Ingresos:	25.531,98 €
Saldo Ano 2010 España	9.421,92 €
Saldo Ano 2010 Perú en €	1.240,79 €
Total Fondos Ano 2011	36.194,69 €

Gastos 2011

Salario Técnicos Perú Incluye Proxecto chacra	4.816,05 €
Proxecto Chacra	600,54 €
Mantemento Casa en Perú	628,28 €
Gastos Xerais Perú	185,53 €
Gastos Bancarios Perú	46,53 €
Gastos Proyecto Fortalecemento	14.442,34 €
Gastos Xerais España	200,50 €
Gastos Bancarios España	342,04 €
Expedición 2011	3.400,00 €
Total Gastos:	24.661,80 €
Saldo Ano 2011:	11.532,89 €
Fondos España 2012	10.934,40 €
Fondos Perú en € 2012	945,93 €
Total Fondos 2012	11.514,95 €



Coñécenos, Colabora, Faite Socio/a ...
www.labanousolidaria.org
labanousolidaria@gmail.com

Asociación Labañou Solidaria, Rúa Nosa Sra. do Perpetuo Socorro, 13 baixo 15011 A Coruña
Luís Astray (8 a 15 h.) Tfno. 981 268 384. Aportacións a Labañou Solidaria:
Concha Sánchez Tfno. 628 416 644. N° CC.- 2091-0716-30-3040001223